

Cofinanciado por
la Unión Europea

ATHENA



ERASMUS+

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE PUBLICAN AS LISTAXES DEFINITIVAS DE SOLICITUDES ADMITIDAS E EXCLUÍDAS A TRÁMITE DA CONVOCATORIA DE PRAZAS EN PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS NO MARCO DOS CONVENIOS ASINADOS ENTRE A UNIVERSIDADE DE VIGO E PAÍSES EXTRACOMUNITARIOS E CONVENIOS ERASMUS+ ESTUDOS, ACCIÓN KA131 PARA O CURSO 2026-2027

Publicada por resolución reitoral de 26 de novembro de 2025 a convocatoria de prazas en países extracomunitarios para a selección de estudantes, no marco dos convenios asinados entre a Universidade de Vigo e países extracomunitarios e convenios Erasmus+ Estudos acción KA131 para o curso 2026-27 e finalizado o prazo de presentación de alegacións trala publicación das listaxes provisorias de solicitudes admitidas e excluídas a trámite, esta reitoría

RESOLVE:

1. Publicar a listaxe definitiva de **solicitudes admitidas a trámite** no anexo I.
2. Publicar a listaxe definitiva de **solicitudes excluídas coas causas de exclusión** no anexo II.

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer un recurso de reposición, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non caberá interpoñer o recurso contencioso-administrativo namentres non recaia resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, de acordo co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Vigo, na data da sinatura electrónica

O reitor

Por delegación, R.R. do 30/05/2024 (DOG 10/06/2024)

A vicerreitora de Internacionalización

M^a Isabel del Pozo Triviño

